



Indicacións importantes a ter en conta

Documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados

1. Naqueles cursos nos que exista máis demanda que oferta de postos escolares, os pais, nais ou titores legais do alumnado afectado presentarán no Centro, do 10 ao 20 de abril (ambos inclusive), a documentación xustificativa dos méritos por eles alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado, xunto cunha fotocopia do anexo II presentado anteriormente.
2. A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

Sinatura da solicitude

1. Tal e como consta nas instrucións dadas pola Consellería: *"No caso de separación legal dos proxenitores, a solicitude de admisión e, se é o caso, a de cambio de centro educativo (por ser actos de exercizo extraordinario da patria potestade), terá que asinarse polos dous proxenitores, agás que aquel que formalice a instancia teña atribuída a patria potestade con carácter exclusivo mediante resolución xudicial, que se presentará coa solicitude para o seu cotexo polo centro educativo."* (Inst. 12/2/2012).

Valoración da renda familiar

1. De conformidade co artigo 22.5 da Orde, para a valoración da renda da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base imponible, no caso de declaración conxunta, ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas 455 (base imponible xeral) e 465 (base imponible do aforro) da/s correspondente/s declaración/s do imposto sobre a renda das persoas físicas do ano 2010.
2. Para a aplicación da puntuación deste criterio, prevista no artigo 30 da Orde, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) correspondente ao ano 2010, que está cifrado en 6.390,13 € anuais, con exclusión das pagas extraordinarias (Lei 26/2009, de 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2010, BOE do 24).